



Estimados pais:

Comunicámosvos que o DOG do 22 de maio publicou a *Orde do 16 de maio de 2017*, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2017/2018.

Resumo da Orde, que poden consultar na nosa páxina web ou no portal educativo da Xunta:

### **Obxecto da convocatoria:**

- A participación no **fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria.
- A convocatoria de **axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial.
- A convocatoria de **axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

### **Lugar e prazo de presentación:**

As solicitudes entregaranse preferiblemente nos centros docentes. O prazo para presentar solicitudes **rematará o 23 de xuño de 2017**.

Os formularios poderán obterse nos centros e tamén estarán dispoñibles no portal educativo no enderezo electrónico: ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)).

### **Documentación:**

As solicitudes do alumnado de Educación primaria e Educación secundaria obrigatoria irán acompañadas da documentación acreditativa das circunstancias alegadas (copia do libro de familia, sentenza xudicial de separación ou divorcio, etc).

### **Contía das axudas:**

Educación primaria (1º e 2º):

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 € 170 euros.
- Renda per cápita familiar superior a 5.400 € e igual ou inferior a 9.000 € 90 euros.

Alumnado de educación especial: 250 € con independencia da renda per cápita familiar.

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado de EP, ESO e EE con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

### **Obrigas dos beneficiarios:**

1.- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2016/2017.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2017/2018.

2.- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2017/2018 e devolvelos ao rematar este.

3.- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.

4.- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.